

CASTRO CORREA, Ainoa e Manuel RODRÍGUEZ SÁNCHEZ (2019): *Colección diplomática altomedieval de Galicia II: Documentación en escritura visigótica de la sede lucense (Collectanea Lvcensia)*. Lugo: Publicaciones Diócesis de Lugo, 2 vols., 859 pp.

A publicación de calquera colección documental que dea a coñecer novas fontes medievais galegas ou que proceda a unha reedición coidada doutras xa coñecidas sempre debería constituír un gran motivo de alegría para o conxunto da comunidade investigadora. Neste caso, conséguense sobradamente ambos os dous obxectivos no marco dunha obra que, ao meu entender, será de grande utilidade para os historiadores, os paleógrafos e os filólogos, tanto de hoxe como do futuro. Ao mesmo tempo, quixera reivindicar nestas liñas o importante servizo que se fai ao conxunto da sociedade ao darlle acceso a uns documentos que forman parte do noso patrimonio histórico e que, ao igual que animamos e procuramos concienciar á xente sobre a necesidade de conservalos, tamén deberíamos ser capaces de mostrarlle –e incluso debería entenderse como unha obriga social, máxime se detrás das investigacións hai financiamento público– a súa relevancia como testemuño do noso pasado colectivo e, consecuentemente, como fonte de coñecemento –e incluso de identidade. Cómpre agradecer, pois, a vontade de Ainoa Castro Correa de “continuar la labor de difusión del excepcional patrimonio conservado, pero sobre todo fomentar su uso desde cualquier especialidad científica ya que, por su desconocimiento, desgraciadamente van pasando desapercibidas [estas fontes] en estudios de ámbito peninsular y/o medieval” (t. 1, p. 12). Por suposto, este tipo de publicacións non son as máis rendibles desde o punto de vista económico dentro do mercado

editorial. Por iso é moi de loar o esforzo de institucións públicas e privadas á hora de financiar a súa aparición. Neste caso, a obra sae á luz baixo o patrocinio da Diocese de Lugo dentro da colección *Collectanea Lvcensia*¹. A pesar de non estarmos ante obras chamadas a converterse en éxitos de vendas, apoiar a aparición de traballos desta natureza implica unha firme aposta polo coñecemento en si mesmo e, sobre todo, por asentar ese coñecemento sobre bases sólidas e duradeiras. É neste sentido no que estes dous volumes que acaban de ser publicados baixo a autoría de Ainoa Castro Correa e Manuel Rodríguez Sánchez están chamados a ocupar un lugar destacado dentro do conxunto de coleccións documentais que contribúen a recuperar o pasado do reino medieval de Galicia, do seu territorio e das súas xentes. Hai obras que suman e aportan, e esta faino, polo que cómpre congratulármonos pola súa aparición.

Unha das particularidades máis salientables desta colección documental é o criterio elixido para a selección das fontes incluídas. Estamos ante un corpus conformado, como indica o propio subtítulo da obra, pola documentación en escritura visigótica da sede lucense. É, por tanto, un criterio estritamente paleográfico o que xustifica a conformación do seu contido. Só *a posteriori* aparece un segundo criterio delimitador, o territorial. Neste sentido, a amplitude xeográfica da sede de Lugo permite dispoñer dun material suficiente e ao mesmo tempo abarcable como para elaborar un traballo

¹ Nesta mesma colección tamén foi publicada nos últimos anos a *Colección diplomática* de Ventura Cañizares del Rey (2012-2016), que, a pesar dos numerosos problemas que presenta –tanto na súa orixe como na súa presentación final (trátase da transcripción dunha transcripción)–, serviu, sen dúbida, para destacar a existencia dun rico patrimonio documental lucense relativo ao período medieval que precisa ser recuperado e estudado, senda que se consolida con firmeza a través do presente traballo, máis alá das destacadas contribucións que xa fixo no seu momento María José Portela Silva (2005, 2007) para o período baixomedieval.

destas características. Xa como consecuencia de ambos aspectos –sobre todo do primeiro– quedou establecida a cronoloxía, que abarca desde o ano 745 até o 1196. Para entendermos estas particularidades da obra é preciso destacar a formación e traxectoria da promotora e coautora da mesma, Ainoa Castro Correa. No punto de partida da colección documental está a súa tese de doutoramento, defendida na Universitat Autònoma de Barcelona no 2012 baixo o título *La escritura visigótica en Galicia. I. Diócesis lucense*. Trátase dun completo estudo paleográfico sobre a documentación orixinal ou copiada en escritura visigótica ligada á diocese de Lugo. Por outra parte, pode chamar a atención o numeral incorporado ao título do traballo (II). Isto débese á existencia dunha obra anterior da propia Ainoa Castro Correa (2011) titulada *Colección diplomática alto-medieval de Galicia I: documentación editada en escritura visigótica (622-1234)*. Fronte ao que atopamos na nova publicación, naquela primeira monografía non se ofrecía unha colección documental propiamente dita, senón un útil instrumento de traballo en forma de catálogo con “todos os documentos [de Galicia] que xa foron editados, orixinais ou copias en escritura visigótica anteriores ao ano 1200” – máis un de 1234– (p. 10). Agora deuse un paso máis e Castro Correa, xunto a Manuel Rodríguez Sánchez –bo coñecedor da documentación lucense–, publican a transcripción íntegra dos documentos visigóticos lucenses localizados, ofrecendo un rigoroso aparato crítico dos mesmos –traballo laborioso que non sempre se valora suficientemente e que demostra que, máis alá da transcripción propiamente dita, nas edicións coma esta existe un estudo detido de cada instrumento e das súas particularidades– e presentando cada instrumento baixo a dupla modalidade dunha transcripción estritamente paleográfica e unha edición crítica. Esta é outra das particularidades desta colección documental, pois dentro do panorama galego non vén sendo habitual a incorporación dunha dupla presentación dos documentos transcritos².

Desde un punto de vista estrutural, a obra, conformada por dous volumes debido á extensión do traballo –o cal deriva, en boa medida, de conter precisamente unha edición dupla de cada documento–, organízase en tres grandes partes: unha primeira parte introdutoria, a colección documental propiamente dita e, finalmente, os apéndices e índices, os cales constitúen un instrumento de traballo de enorme utilidade para os lectores e investigadores, sen que iso nos exima da lectura detida da documentación editada.

Tras os correspondentes índices iniciais coa estrutura xeral da obra e de cada tomo en particular ao inicio dos mesmos (t. 1, pp. 7 e 9, e t. 2, p. 551), Ainoa Castro Correa ofrece unha breve presentación do traballo e uns agradecementos en primeira persoa que evidencian a súa autoría principal, sen quedar de todo claro o papel que lle corresponde ao segundo coautor no resultado final da publicación (t. 1, pp. 11-12). A continuación preséntase un “Contexto histórico” centrado en ofrecer algúns apuntamentos sobre a Catedral de Lugo e a diocese lucense durante a Alta e a Plena Idade Media (t. 1, pp. 15-25). Cómpre advertir que se trata dun conxunto de notas un tanto xenéricas, apoiado en boa medida en obras de síntese non especialmente recentes e onde, como tamén se aprecia na bibliografía final, faltan algúns traballos que terían sido especialmente oportunos para o tema que se está tratando, caso, por exemplo, dalgún outro estudo de James D’Emilio (2008). Tamén se reiteran tópicos historiográficos rebatidos recentemente por investigadores como Ermelindo Portela arredor da coroación de Afonso Raimúndez como “rey de Galicia”, sen deixar de resultar tamén tópica a visión especialmente pesimista que se ofrece do reinado da raíña Urraca á que practicamente non se fai referencia nin como tal; iso a pesar de que na propia colección diplomática aparece unha concesión de 1112 outorgada pola propia *imperatrix Hispanie domina Urraca* (t. 1, doc. 96, p. 488) e noutro documento de 1123 actúa como confirmante *Urraca Hispanie regna* (t. 1, doc. 102, p. 512). Sería desexable,

² Non obstante, xa atopamos este recurso en Castro Correa e Pichel Gotérrez 2011, onde se incorporaba tamén a sempre útil reprodución fotográfica da documentación que, aínda sendo conscientes da problemática editorial relativa aos dereitos de reprodución, tamén tería enriquecido –talvez a través dun anexo dixital– a colección documental que hoxe comentamos.

por tanto, valorar o reinado urraqueño como algo máis que un período crítico e de “guerra civil” (t. 1, p. 24), situado entre “la estabilidad que supuso para la sede lucense el gobierno de Raimundo de Borgoña como nuevo conde de Galicia” e a “estabilidad política derivada de la subida al trono de Alfonso VII (1117/1126-1157)”. En todo caso, non é o obxectivo da obra abordar un estudo histórico da sede lucense e o seu territorio durante a cronoloxía na que se sitúa a súa produción documental en letra visigótica. Polo tanto, sendo de agradecer as notas ofrecidas e tamén o episcopologio lucense (c. 750-1218) (t. 1, p. 26) e a xenealoxía da Casa real (até 1230) (t. 1, pp. 27-28), que son incorporados para axudar a contextualizar e situar os documentos que se publican, cómpre insistir en que a parte fundamental da obra é precisamente a edición das fontes. Antes destas ofrécesenos un epígrafe introdutorio, “Fuentes manuscritas en escritura visigótica de la diócesis lucense” (t. 1, pp. 29-37), onde ademais de presentar unhas interesantes táboas nas que aparecen resumidos os datos cuantitativos relativos á distribución cronolóxica, modalidade gráfica, vinculación institucional e condición de orixinal ou copia dos 151 documentos que conforman a colección diplomática (t. 1, p. 36), tamén se detallan os arquivos e fondos nos que se conservan actualmente eses documentos –evidenciando o caso da colección privada Schøyen que poden aparecer documentos medievais galegos en arquivos moi diversos e incluso nos non vinculados a Galicia nin á súa contorna inmediata–, así como outros fondos que foron consultados pero nos que non apareceron documentos visigóticos. Cómpre puntualizar ao respecto disto último que, en relación ao mosteiro de San Salvador de Asma ou de Chantada –cuxa colección documental publicada por José Méndez *et alii* (2016) non é referida entre as obras consultadas–, a autora di que “sí se conserva un diploma en el archivo de la Catedral de Oviedo en esta modalidad gráfica (año 1106) relacionado con el monasterio que hemos optado por no incluir dado que no podemos asegurar que fuese producido dentro de la diócesis o por un escriba formado en una escuela de la misma” (t. 1, p. 34). Porén, sobre este documento xa se ten pronunciado hai tempo José Méndez Pérez (2014) rexeitando a súa vinculación con Chantada –e polo tanto coa diocese lucense– para ligalo a unha institución auriense: San Salvador de Asmeses *in territorio Kastelle*. En todo caso, non é

senón grazas a ese sistemático traballo previo de localización de fontes que ao final é posible dispor dunha obra coma esta coa edición dun amplo número de documentos lucenses redactados en letra visigótica que, como se anuncia nunha nota a rodapé do propio traballo, agardamos ver ampliados con esas “colecciones documentales de las diócesis restantes, Santiago de Compostela y Mondoñedo-Orense-Tuy [que, tal e como se anuncia,] están en preparación” (t. 1, p. 31). En todo caso, no ámbito da investigación debemos estar sempre receptivos ante a posible aparición de novas descubertas e novos camiños polos que transitar. No caso que aquí nos ocupa –a documentación visigótica lucense–, o corpus editado nesta obra poderá verse ampliado seguramente no futuro con instrumentos aínda inéditos como unha doazón realizada no ano 982 polo presbítero Gumersindo a favor de San Salvador de Mao (O Incio, Lugo), que puidemos localizar nos fondos do Archivo Histórico Nacional de Madrid (AHN, Clero, carp. 1125, n.º 20). Non sendo, pois, un traballo definitivo –no ámbito da investigación sempre é difícil e arriscado falar neses termos–, a publicación que hoxe comentamos si é, claramente, un paso moi en firme de cara á publicación da meirande parte das fontes documentais lucenses en escritura visigótica.

Como é habitual e oportuno, antes de ofrecer a colección documental infórmanenos dos “Criterios de edición y transcripción” (t. 1, pp. 39-55), co que, en todo momento, queda claro o método e proceder dos autores á hora de abordar a transcripción paleográfica e a presentación crítica das fontes.

Comeza, daquela, a colección diplomática propiamente dita, organizando os 151 documentos editados –que informan dun número de actos xurídicos algo superior– en dúas grandes partes. Na primeira son editados 113 documentos pertencentes á Catedral de Santa María de Lugo (t. 1, pp. 57-542) e na segunda confórmanse unha “colección documental monástica” cos documentos restantes (t. 2, pp. 553-723). Nesta última atopamos individualizado o caso da documentación de San Xulián de Samos con 23 instrumentos (t. 2, pp. 555-671), fronte aos 15 restantes vinculados a “mosteiros menores” (t. 2, pp. 673-723): Santa María de Ferreira de Pallares, Santa María de Meira, Santa María de Penamaior, San Pedro de Valverde e San Vicente do Pino.

Boa parte desta documentación xa era coñecida grazas a edicións anteriores. De feito, apenas unha trintena dos documentos recollidos na obra son totalmente inéditos. Porén, isto non resta en modo algún mérito ao traballo xa que, en moitos casos, facíase urxente a realización dunha nova transcripción partindo dos documentos orixinais. É o que sucede cun bo número de pezas que só foran publicadas a partir das transcripcións de Ventura Cañizares. Noutros casos ofrécense importantes revisións nas datas ou nas lecturas concretas de determinadas partes dos documentos, sen esquecer as actualizacións das sinaturas arquivísticas, polo que resulta incuestionable o avance investigador e a contribución en positivo que supón esta publicación.

Cómpre advertir que no aparato crítico dalgúns documentos detéctanse certas ausencias un tanto destacadas –e non de todo comprensibles–, que tamén quedan reflectidas na bibliografía final. Por exemplo, respecto do doc. 85 da Catedral de Lugo (t. 1, pp. 441-445), non se cita a edición previa de Andrés Gamba (1998: doc. 94, pp. 247-249). Tamén sorprende a omisión dos traballos de Irene Ruiz Albi sobre dona Urraca. Así, nin no aparato crítico do doc. 96 da Catedral de Lugo (t. 1, pp. 486-489), nin no do doc. 23 pertencente a Samos (t. 2, pp. 665-671), aparecen referidas as edicións previas de Ruiz Albi (2003: doc. 33, pp. 412-414 e doc. 115, pp. 539-542, respectivamente). O mesmo sucede co doc. 19 de Samos (t. 2, pp. 653-657), que debería figurar como previamente rexestado pola citada autora noutro traballo (Ruiz Albi 2011: doc. 19, p. 237). Por outra parte, aparece como inédito un documento do mosteiro monfortino de San Vicente do Pino de 1196 que, porén, xa fora editado con anterioridade por Carlos Rodríguez Fernández (1990: doc. 5, p. 244), quen á hora de realizar a colección documental dese cenobio fai referencia a este documento en “minúscula visigótica cursiva” de finais do século XII, xunto a unha falsificación que, segundo o citado autor, está en “minúscula visigótica redonda; se trata de una copia fotográfica en pésimo estado de conservación” do Colexio da Compañía de

Monforte (Rodríguez Fernández 1990: 211-212, 222 e 237-240)³.

Aínda que a redacción dalgúns rexestos podería ser reformulada para ser máis precisa respecto do contido dos documentos e incluso sería desexable a corrección dalgunha errata como falar da “infanta Sancha Raimúndez” nun documento de Meira (t. 2, doc. 9, pp. 707-708) cando este se refire á *infanta* dona Sancha Fernández, é dicir, á filla da condesa de Portugal dona Teresa e de Fernando Pérez [de Traba], casada con don Álvaro Rodríguez [de Sarria], o certo é que, polo xeral, a información ofrecida nes rexestos resulta suficientemente ilustrativa como para achegármonos coa súa lectura ao tenor documental e percibir a pluralidade de actos xurídicos recollidos na obra a partir dos que poder abordar estudos históricos de diversa natureza. Resulta evidente que, ao ter sido o criterio paleográfico o que está na base da selección documental, en si mesma resulta unha colección diplomática incompleta desde o punto de vista histórico. Aquí non está nin toda a documentación altomedieval lucense, nin sequera a das institucións nomeadas. De todos modos, o que si se ofrece é un moi representativo repertorio de documentos do que deberán facer uso todos os interesados na historia do territorio da sede lucense e das súas xentes durante a Alta e Plena Idade Media. A xenerosidade que sempre está detrás de calquera traballo de transcripción documental é evidente, pois facilita enormemente o traballo dos demais investigadores. Por outra parte, neste caso a publicación resulta aínda máis pertinente e relevante se temos en conta que a principal responsable da mesma é especialista, precisamente, na escritura visigótica na que foron redactados os documentos editados; unha escritura que, para os que non estamos habituados á súa lectura, resulta por veces non sinxela de descifrar con precisión e rigorosidade.

A maiores, a utilidade da obra vese reforzada pola incorporación duns “Apéndices e índices” (t. 2, pp. 725-850) que inclúen unha relación dos rexestos documentais (t. 2, pp. 727-743), unha táboa de correspondencias que

³ Non obstante, esta tese de doutoramento si aparece citada nun catálogo de fontes bibliográficas para o estudo da documentación altomedieval galega elaborado pola propia Ainoa Castro Correa (2009: 34), mais non en Castro Correa 2011.

permite ter as referencias arquivísticas perfectamente organizadas (t. 2, pp. 745-754) e os sempre utilísimos índices de antropónimos (t. 2, pp. 755-819) e de topónimos (t. 2, pp. 821-850), organizado todo isto en función dos tres grandes bloques nos que se estrutura a colección diplomática: a documentación da Catedral de Lugo, a de Samos e a dos “mosteiros menores”.

Finalmente, faise unha recompilación das “referencias bibliográficas” citadas (t. 2, pp. 851-859), que se terían visto enriquecidas con algunhas outras publicacións que xa fomos indicando e que deberían completarse nalgún caso, como sucede, por exemplo, coa obra de Manuel Recuero Astray sobre a documentación de dona Urraca referente a Galicia, na que se omite a coautoría de M.^a Ángeles Rodríguez Prieto e Paz Romero Portilla.

Só cumpriría indicar a existencia dalgunhas erratas formais na maquetación da obra, que non nos deteremos en sinalar, xunto a algunhas ausencias no relativo ás medidas dos pergamiños, pero que, non obstante, en nada desmerecen o fundamental do traballo, o seu contido: unha gran contribución ao ámbito da investigación histórica, paleográfica e filolóxica a través da edición das fontes da diocese lucense en escritura visigótica.

En definitiva, ratificamos a idea de estarmos de noraboa ante a aparición desta nova colección documental que informa sobre a historia medieval lucense e esperamos que pronto sexa completada coa edición das fontes redactadas en escritura visigótica noutras dioceses de Galicia e coa posta en marcha desa plataforma de investigación dixital que se anuncia ao comezo (t. 1, p. 12), xa que, sen dúbida algunha, estes novos obxectivos contribuirán a divulgar e incentivar a investigación sobre a nosa historia e o noso patrimonio documental. Non queda, pois, senón felicitar os autores polo moito e ben feito que descubrimos neste traballo, o cal está chamado a converterse desde xa nunha obra de consulta obrigada dentro do medievalismo galego –e non só–.

Referencias bibliográficas

Cañizares del Rey, Ventura (2012-2016): *Colección diplomática*. Lugo: Publicaciones Diócesis de Lugo [vol. 1 (569-1463) e vol. 2 (857-1380), transcripción, edición e índices a cargo de Manuel Rodríguez Sánchez e Óscar González Murado; vol. 3 (1183-1315) e vol. 4 (1183-1668),

transcripción, edición e índices a cargo de Manuel Rodríguez Sánchez, Óscar González Murado e María Luisa Doval García].

Castro Correa, Ainoa (2009): “Fuentes bibliográficas para el estudio de la documentación altomedieval gallega”, en *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (CODOLGA), versión 15 (2018). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (<http://corpus.cirp.es/codolga>).

——— (2011): *Colección diplomática altomedieval de Galicia I: documentación editada en escritura visigótica (622-1234)*. Noia: Toxosoutos.

——— (2012): *La escritura visigótica en Galicia. I. Diócesis lucense*. Tese de doutoramento inédita. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona (<https://www.tdx.cat/handle/10803/134670#page=1>).

Castro Correa, Ainoa e Ricardo Pichel Gotérrez (2011): “El Cartulario de Caaveiro y el proceso de cartulización en Galicia. Nueva documentación altomedieval sobre el monasterio de San Xoán de Caaveiro”, *Cátedra. Revista eumesa de estudios* 18, pp. 229-283 (<http://catedra.pontedeume.es/18/catedra1807.pdf>).

D’Emilio, James (2008): “The cathedral chapter of Lugo in the twelfth and thirteenth centuries: reform and retrenchment”, en S. Barton e P. Linehan (eds.), *Cross, crescent and conversion. Studies on medieval Spain and Christendom in memory of Richard Fletcher*. Leiden; Boston: Brill, pp. 193-226.

Gambra, Andrés (1998): *Alfonso VI. Cancillería, curia e imperio. II. Colección diplomática*. León: Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro», Caja España de Inversiones, Archivo Histórico Diocesano.

Méndez Pérez, José (2014): “Un documento del monasterio de Asmeses (Ourense) en el Archivo de la Catedral de Oviedo mal atribuido al monasterio de San Salvador de Asma (Chantada-Lugo)”, *Diversarum rerum* 9, pp. 279-313.

Méndez Pérez, José; Pablo S. Otero Piñeyro Maseda e Miguel Romani Martínez (2016): *El monasterio de San Salvador de Chantada (siglos XI-XVI). Historia y documentos*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

Portela Silva, María José (2005): *Documentos da Catedral de Lugo. Século XV*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega [2^a ed.].

——— (2007): *Documentos da Catedral de Lugo. Século XIV*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2 vols.

Rodríguez Fernández, Carlos (1990): *La colección diplomática de San Vicente del Pino*. Tese de doutoramento inédita. Granada: Universidad (<http://digibug.ugr.es/handle/10481/14040>).

Ruiz Albi, Irene (2003): *La reina doña Urraca (1109-1126). Cancillería y colección diplomática*. León: Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro», Caja España de Inversiones, Archivo Histórico Diocesano.

——— (2011): “Cancillería y documentos de Raimundo de Borgoña y la infanta Urraca”, en F. Suárez e A. Gamba (coords.), *Alfonso VI. Imperator totius orbis Hispanie*. Madrid: Editorial Sanz y Torres, pp. 205-241.

Miguel García-Fernández
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación
en Humanidades⁴
Universidade de Santiago de Compostela⁵
miguelgarciafernandez88@gmail.com

⁴ Proxecto CODOLGA: *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*.

⁵ Instituto da Lingua Galega.